

Por el discorren varios camiños.

-Monte O Pareisal:

Superficie: 2,13 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: predio de herdeiros de Antonio Collazo.

Sur: predios de José Portabales Lorenzo e de Alfonso González Villar.

Leste: camiño desde O Pareisal ata o camiño da Revolta.

Oeste: predios de José Portabales Lorenzo e de Manuel Ratón Paz.

-Monte Escoirede:

Superficie: 83 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: residencia da 3ª idade do Carballiño.

Sur: camiño do Pareisal desde a N-541 ata A Veiga e estrada N-541.

Leste: estrada N-541 e estrada OU-202.

Oeste: camiño do Pareisal desde a N-541 ata A Veiga.

-Monte A Lagoa:

Superficie: 22 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: predio de herdeiros de Belisario González Carballo.

Sur: predio de Manuel Mouriño Lías.

Leste: predios de herdeiros de Belisario González Carballo e de Jaime Collazo.

Oeste: predio de herdeiros de Francisco Galloso Fernández.

-Monte Campo da Festa:

Superficie: 20 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: predio de José Pereira Fernández.

Sur: predio de Manuel González Villar.

Leste: predios de herdeiros de Antonio Collazo, José González Carballo e Ramón González Eiján.

Oeste: predios de José Manuel González Carballo e Amparo Barroso.

Neste predio existe unha construción, a antiga escola.

O que se pon en coñecemento de todos os interesados indicándolles que se abre un período dun mes para que poidan examinar o expediente e efectuar as alegacións que coiden convenientes, así como achegar os documentos ou informacións que xulguen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da

Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Ourense, 25 de xaneiro de 2007.

Xosé Rodríguez Cid

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

*Edicto do 26 de xaneiro de 2007, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Campiña Vella, A Pedreira, Penadauga e Mouco por solicitude dos veciños da parroquia de Pardavedra, concello da Bola (Ourense).*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 8 de novembro de 2006 adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común do monte denominado Campiña Vella, A Pedreira, Penadauga e Mouco, tramitado por solicitude dos veciños dos lugares de Barrio, Casanova, Fondo de Vila, Pardavedra, O Pazo, Ponte Rubiás, O Rañadoiro, Rubiás e Vilar, da parroquia de Pardavedra, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro.-O 21 de novembro de 2005 tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en man Común de Ourense de varios veciños da parroquia da Pardavedra, Concello de A Bola, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños dos lugares que integran a devandita parroquia.

Segundo.-O 11 de maio de 2006 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instructor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxeto de clasificación, de acordo coa documentación obrante no expediente, descríbese así:

Concello: A Bola.

Denominación do monte: Campiña Vella, A Pedreira, Penadagua e Mouco.

Comunidade veciñal solicitante: veciños dos lugares de Barrio, Casanova, Fondo de Vila, Pardavedra, O Pazo, Ponte Rubiás, O Rañadoiro, Rubiás e Vilar, da parroquia de Pardavedra, concello da Bola.

Superficie: 24,95 ha, en total, aproximadamente.

Monte Campiña Vella.

Superficie: 2 ha, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: predio de herdeiros de Antonio Lorenzo, camiño e outros propietarios descoñecidos.

Sur: leiras de Antonio Currás e Josefa Silva.

Leste: predios de Recaredo Miranda; José González, herdeiros de Antonio Lorenzo; herdeiros de Ignacio Carbajales; herdeiros de Antonio Borrego, Sindo do Xen; Gonzalo Miranda; Antonio Currás, Camila Nogueiras e María Cid.

Oeste: predios de herdeiros de Juan Mera; herdeiros de Gil de Aldea; herdeiros de Camilo de Podentes; Pepe Gaio; herdeiros de Antonio Dorrego; Josefa Silva e outros descoñecidos.

Monte A Pedreira.

Superficie: 11,80 ha aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: predios de María Teresa Barge; Dosinda Miranda; Gumersindo Quintas; Ramón Rodríguez; Julio Rodríguez; Rodrigo Freire e Antonio Rodríguez.

Sur: predios de Josefa Rodríguez; Consuelo Rodríguez; Ramón Rodríguez; Gonzalo Miranda; Belisario Calazas e Dosinda Fernández.

Leste: camiños; predios de Camila Nogueiras; Manuel López, Argimiro López, Antonio Rodríguez; Consuelo Rodríguez; Carmen Rodríguez; Castor López; Antonio Paz; Francisco Fernández; José Currás; Miguel del Río; José Fernández; Ramón González; Baldomero Rodríguez e outros propietarios descoñecidos.

Oeste: camiño, predios de Francisco Fernández, Manuel López; Carmen Rodríguez; José Currás; Francisco Fernández; Ricardo Currás; José Miranda; Luís Fernández, Argimiro López; José Fernández Iglesias; Ramón Ferreiro; Antonio González; Belisario Iglesias; José Fernández e Dosinda Fernández.

Monte Penadauga.

Superficie: 9,75 ha, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: predios de Generosa González; Pío Pacheco; Concepción Fernández, Angeles Rodríguez; Francisco Fernández Casas; Milagros Fernández; Antonio Fernández López, José Míguez, Delia Carbajales; Angel Álvarez; Rosa Rodríguez, Antonio Míguez del Río; Roque Rodríguez; José Rodríguez, camiño e outros propietarios descoñecidos.

Sur: predios de Pío Pacheco; Lisardo Tocayo, camiño e outros propietarios descoñecidos.

Leste: camiños, predios de José Fernández Iglesias; Consuelo Rodríguez, Recaredo Miranda; Delmiro Carbajales; Concepción Currás, José Miranda; Antonio González, Elvira Pereiro, José Rodríguez, Baldomero Rodríguez, Abelardo Fernández e Hortensia Cid.

Oeste: predios de Abelardo Fernández, Recaredo Miranda; José Miranda; Argimiro López, Generosa Carvajal, Roque Rodríguez, Francisco Fernández, Camila Nogueiras, José Currás; Gumersinda Miranda; Manuel López; Antonio Míguez del Río; Recaredo Currás; Antonio Rodríguez, Pío Pacheco e outros propietarios descoñecidos.

Monte Mouco.

Superficie: 1,40 ha, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: predios de herdeiros de Abelardo Fernández e Antonio Míguez del Río.

Sur: predios de Camila Nogueiras; José Paz Carbajales; herdeiros de Amadeo Rodríguez; camiño e propietario descoñecido.

Leste: predios de Hortensia Cid Rodríguez; Consuelo Fernández Rodríguez; Arturo Fernández Rodríguez, Ramón Araújo, herdeiros de Francisco Outomuro; Elisa Ferreiro e camiño.

Oeste: predios de Ramón Pacheco, Genara Ferradura; María López Feijoo; Dario Fernández Outomuro; Indalecio Miranda Rodríguez; herdeiros de Celsa Miranda; Castor López; Orentino Currás; Gonzalo Miranda; Rosa Miranda; Elisa Ferreiro; Ramón Rodríguez Rodríguez e outros e herdeiros de Celsa Miranda.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en man Común de Ourense é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita Lei «son montes veciñais en man común ... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime

de comunidade sen asignación de cotas polo membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala Contencioso-Administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e, outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se producise reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros

#### RESOLVE:

Primeiro.-Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños dos lugares de Barrio, Casanova, Fondo de Vila, Parvedra, O Pazo, Ponte Rubiás, O Rañadoiro, Rubiás e Vilar, no concello da Bola, o monte Campiña Vella, A Pedreira, Pena-dauga e Mouco coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada) nos artigos 116 e 117 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Ourense 26 de xaneiro de 2007.

Xosé Rodríguez Cid

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en man Común de Ourense

#### CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

*Anuncio do 21 de febreiro de 2007, do Servizo de Vixilancia e Inspección do Patrimonio Cultural, polo que se notifica o acordo de incoación do expediente sancionador S-P-26/06, en materia de protección do patrimonio cultural de Galicia.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada parcialmente pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), notifícase á persoa que se relaciona no anexo o acordo de incoación do expediente sancionador S-P-26/06 por infracción da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

O interesado disporá dun prazo de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, para examinar o expediente nas dependencias do Servizo de Patrimonio Cultural da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte en Pontevedra, e para presentar cantas alegacións, documentos ou informacións considere convenientes e, de ser o caso, propoñer proba, concretando os medios de que pretenda valerse.

Advérteselle ao interesado de que, de non efectuar alegacións sobre o contido deste acordo no citado prazo, a iniciación poderá ser considerada proposta de resolución cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2007.

Roberto Pena Puentes

Xefe do Servizo de Vixilancia e Inspección do Patrimonio Cultural

#### ANEXO

Nº de expediente: S-P-26/06.

Interesado: *Estrella San Román, S.L.*

Último enderezo coñecido: rúa Gagos de Mendoza, nº 2-3º-3 Pontevedra.

Feitos imputados: realización de obras de acondicionamento de local na rúa Conde San Román, nº 4 e praza da Estrela, nº 3 de Pontevedra, sen a preceptiva autorización da Consellería de Cultura e Deporte.

Tipificación: artigo 91 h) da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.

Precepto sancionador: artigo 95 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.



| SUPERFICIES                       |  |
|-----------------------------------|--|
| Campaña Vella                     |  |
| Área = 20 262 m <sup>2</sup>      |  |
| Perímetro = 920 m                 |  |
| A Pedreira                        |  |
| Área = 117 917 m <sup>2</sup>     |  |
| Perímetro = 1 757 m               |  |
| Pedra da Auga                     |  |
| Área = 67 495 m <sup>2</sup>      |  |
| Perímetro = 1 699 m               |  |
| Mouco                             |  |
| Área = 13 673 m <sup>2</sup>      |  |
| Perímetro = 707 m                 |  |
| Área Total 249 347 m <sup>2</sup> |  |



**GTP**  
Instituto Galego de Topografía

INFORME: Medición de los MVMC de Pardavedra

SITUACIÓN: Pardavedra  
A Bola (Ourense)

ID: 3586 Exp: 14/02



**EMPLAZAMIENTO**

Plano: 3

Esca: 1:5 000

Peticionario: Comunidad de propietarios de los MVMC

Ourense, septiembre de 2005

